

As horas/ad hoc

César Reglero

Este traballo *performático* do grupo Ad hoc constitúe o paradigma do máis esencial da poesía experimental como unha linguaxe que camiña decidida á busca duns códigos universais e interculturais, que integren todas as artes e que converta o espectador nun ente activo que participa do proceso e, ao mesmo tempo, en creador.

Xustamente isto é o que sucedeu con esta acción poética *As horas/ad hoc*, onde atopamos que cada disciplina ten o seu espazo para finalmente dar como resultado final unha arte total e plena de contido.

Inicialmente atopamos que a preparación da acción se enmarca nunha montaxe de gran visualismo, onde o cromatismo é parte fundamental, pero tamén a palabra, como signo gráfico, ten o seu espazo. Na segunda parte do proceso dáse paso á acción sonora, con movemento, ritmo, música e acción dramática.

Precisamente a acción ten unha liña argumental baseada na *palabra en liberdade* versus a dificultade da palabra para expresar a súa dimensión existencial, creativa e comunicativa. Cando os teóricos experimentalistas trataron de argumentar a esencia da poesía visual, destacaron inmediatamente a necesidade de que a palabra saíse da páxina para vivir a súa propia vida... en liberdade... Isto sucedeu a mediados da década de 1960 e custou case medio século alcanzar un obxectivo que aínda hoxe está en proceso de asimilación: o de normalizar estas novas formas de representación simbólica da realidade a través do conceptual. O certo é que se avanzou moito neste terreo en que, entre outras cousas, se persegue acabar co olimpo dos deuses e os seus templos de consagración.

As horas/ad hoc é un bo exemplo diso, porque aquí non só están a palabra, a imaxe, o movemento, a música e o experimentalismo fonético; tamén a implicación de todo o público nun coro de voces caótico pero kármico. Unha participación, tan fresca e espontánea que podemos afirmar que os espectadores se converten nos grandes protagonistas do espectáculo.

Finalmente temos que dicir que o traballo deste colectivo é rigoroso e moi serio nun campo tan complexo como o do experimentalismo e os resultados das súas investigacións neste campo tan difícil como é o multidisciplinar, é notable.